As 7 Parroquias
A REVISTA DO CONCELLO DE CEDEIRA
Xullo de MMXVIII - Número 10

Cedeira ten as contas máis saneadas da súa historia

O orzamento para este ano ascende a 5,6 millóns de euros e xa entrou en vigor, pero o máis relevante das contas municipais non son os cartos presupostados, senón os efectos, que agora se están a ver, dunha política económica que o goberno municipal está a aplicar desde a súa chegada á fronte do Concello de Cedeira.

Así o demostran o resultado do remanente de tesourería para gastos xerais, que ascende a 2.109.295,80 euros; a capacidade de financiamento do Concello, que é de 762.189,89 euros; e a cancelación da débeda que a administración local tiña contraída coa Deputación da Coruña (PAI 2016) para acometer a obra de reforma e ampliación da biblioteca municipal, por unha contía de 207.697,26 euros. Esta última operación, e pola que a débeda municipal tamén quedou reducida a cero, resultou aprobada explicitamente no último pleno ao saír adiante unha modificación orzamentaria por importe de case 600.000 euros.

O goberno municipal valora que agora se estean a ver os resultados dunhas medidas económicas baseadas no control de gastos, na optimización dos recursos e na xestión de axudas supramunicipais cara á execución de proxectos de interese público. **Segue na páx. 3**

sumario

» O castelo da Concepción vaise converter nun centro interpretativo da cultura castrexa **Páx. 2**

» Éxito de asistencia e participación no festival de música que tivo como fío condutor a lusofonía **Páx. 4**

» A administración local vén de recuperar o Servizo de Normalización Lingüística **Páx. 5**

» O goberno segue a apostar pola reconfiguración integral da praia da Madalena **Páx. 5**

» O Concello forma os alumnos do CEIP e do IES na materia non regulada de Educación Viaria **Páx. 6**

» A Rapa das Bestas da Capelada volve formar parte do calendario festivo da localidade **Páx. 7**

» Os índices de delincuencia de Cedeira son estables e están por debaixo da media provincial, segundo os datos que saíron á luz a raíz da recuperación da Xunta Local de Seguridade **Páx. 7**

EDITA: Concello de Cedeira

O castelo será o futuro museo da cultura castrexa

A importancia e singularidade dos restos arqueolóxicos descubertos na punta Sarridal levarán o Concello de Cedeira a remodelar o espazo expositivo do castelo da Concepción, un proxecto orzamentado nuns 40.000 euros, para así convertelo nun centro de interpretación do achado.

A idea pasa por manter a sala central para exhibir as maquetas e outros obxectos relacionados coa fortaleza do século XVIII, tal e como xa estaba, e por dedicar as outras dúas salas a divulgar a cultura castrexa e a explicar o monumento con forno, do que só existen cinco similares en toda Galicia.

O proxecto, no seu conxunto, tamén inclúe a renovación do mobiliario, a reforma da iluminación e a instalación de puntos de audio con auriculares, na procura de revelar ao público o significado do legado cultural e histórico do descubrimento. Tamén haberá unha pantalla led con vídeos e imaxes na sala dedicada á sauna de vapor de época castrexa-romana.

O equipo de goberno pretende así achegar a historia de Cedeira ao público e incrementar, no caso do castelo, o atractivo que xa ten de por si, poñendo o lugar da exposición en

relación directa co achado nas súas inmediacións. A área de Punta Sarridal é un conxunto espectacular que congrega diversos lugares de interese: o xacemento castrexo-romano, o castelo, os cantís, as baterías do século XVIII, a antiga cetárea e a praia de Sonreiras, unha das máis fermosas da zona. O goberno quere poñer en valor este patrimonio e mostrarllo ao grande número de turistas que visitan Cedeira ao longo do ano.

A vila ten no sector turístico unha destacable fonte de ingresos e desde o Concello trabállase para que sexa sostible.

Posta en valor de Sarridal

O goberno de Cedeira sitúa en xullo o inicio da terceira fase de escavación que se está a levar a cabo en Punta Sarridal, un lugar tamén coñecido como Campo do Castro. É o denominado plan de consolidación e posta en valor dunha intervención arqueolóxica na que se vén traballando desde hai máis dun ano e que deu como resultado a localización da quinta pedra formosa de Galicia. O investimento ascende a 12.000 euros e o desenvolvemento do proxecto volverá correr a cargo do equipo do arqueólogo Emilio Ramil. O gasto será asumido integramente polo Concello cedeirense.

O Xeoparque segue a súa andaina

Se no mes de marzo o proxecto do Xeoparque botaba andar coa aprobación dunha axuda de medio millón de euros por parte da Deputación, pouco tempo despois recibía un novo apoio coa presenza na zona do director científico do Xeoparque da Costa Vasca, Asier Hidalgo, que ademais tamén forma parte do comité que avalía as candidaturas.

Acompañado por técnicos da institución provincial, Hidalgo foi recibido polos alcaldes de Cedeira e Ortigueira, paseou pola Capelada, visitou o Museo Mares de Cedeira, descubriu os cantís de Herbeira e valorou a potencialidade do Ortegal para presentar a candidatura deste territorio a integrarse na rede de parques xeolóxicos da Unesco.

Trátase dunha iniciativa da que participa tamén o concello de Moeche, que hai uns días presentaba, xunto co de Cedeira, o programa de xeorutas, unha primeira acción divulgativa-turistica das moitas que virán da man do xeoparque.

Así, no caso de Cedeira, as saídas comezarán o día 1 de xullo e rematarán o 12 de setembro. Manteñen o seu carácter gratuíto e como novidade este ano, ademais das exitosas xeorutas dos cantís, do Cromo, do Granate e da praia de Areas Negras, introdúcese a xeoruta do litoral. O obxectivo principal deste novo percorrido é facilitar a visita ao xacemento arqueolóxico localizado na Punta Sarridal.

En Moeche son dous os puntos que se dan a coñecer con estas xeorutas, a Mina Piquito e as canteiras de toelo, a "pedra de Moeche". As saídas darán comezo o 8 de xullo e rematarán o 1 de setembro.

As contas municipais son as máis saneadas da historia

O goberno de Cedeira administrará este ano un total de 5.708.850,12 euros, unha cantidade que corresponde ao orzamento que xa entrou en vigor. Catro son os apartados que o executivo destaca á hora de valorar as contas municipais, e todos teñen que ver co investimento.

A cantidade total reservada a este concepto ascende a 823.344,35 euros e as principais partidas son as relativas ás achegas municipais aos proxectos de Agader 2017-2018 -reparación de pistas en Vilarcay e Meizoso, As Bieiteiras e Cervo (obra adxudicada á empresa José M. Piñeiro López por importe de 54.762,92 euros) e Agader 2018-2019 -arranxo de camiños en Sartego e Birizo, Sisalde, Ventosa e faro da Candieira (o importe de licitación é de 67.522,97 euros); reurbanización da rúa Convento (obra licitada en 69.965,83 euros); mellora nas beirarúas As Pontes de García Rodríguez, Mariñeiro, Camiño Real da Madalena e Ponte Nova (prezo de licitación de 185.523 euros), e reforma do pazo de Moscoso (proxecto orzamentado en máis de 230.000 euros).

Con cargo a unha segunda partida, cuxo importe supera os 54.500 euros, o Concello de Cedeira acometerá ao longo do presente ano un plan de mellora dos parques infantís -cambio de pavimento e substitución de columpio no da Praza Roxa, ampliacion de pavimento no de San Isidro e renovación da varanda no da Revolta-, instalará un sistema de control de usuarios no pavillón polideportivo e colocará dous bancos de fútbol 11 no campo municipal do Beco.

No terceiro apartado de investimentos, o equipo de goberno de Cedeira sitúa a compra de camas e cadeiras para Servizos Sociais, a remodelación do castelo da Concepción, a adquisición do edificio das sindicais, a reforma da estación de autobuses como espazo xuvenil, a compra da parcela lindeira ao escolar de Figueiras, a colocación de soportes metálicos nos colectores da zona rural e reparacións e obras no alumeado de edificios públicos.

O executivo ten reservada tamén unha partida de 47.112,57 euros para facer a aportación municipal que garanta a ampliación da escola infantil.

Débeda municipal a cero

A corporación aprobou no último pleno unha modificación orzamentaria por importe de 591.340,05 euros, unha cantidade coa que o goberno liquidará o préstamo provincial PAI 2016 solicitado para a reforma e ampliación da biblioteca (207.697,26 euros), ao tempo que financiará a construción de novos vestiarios no campo de fútbol do Beco (66.000 euros).
A capacidade de financiamento do Concello é agora de 762.189,89 euros, e o remanente da tesourería para gastos xerais, ascende a 2.109.295,80 euros, mentres que a débeda municipal está a cero. Na sesión tamén saíu adiante a contribución do Concello, por importe de 12.277,25 euros en catro anualidades, ao financiamento do servizo da Casa de Acollida de Ferrol, así como a segunda *addenda* ao convenio con Augas de Galicia para investir neste mesmo ano un total de 600.000 euros na mellora do saneamento de Cedeira.

ENTIDAD	SALDOS A 21/06/2018
Caja Corporación	72,89 €
Banco santander	29.634,88 €
Banco Sabadell	1.001.738,82 €
Banco Sabadell (Recaudación - Polideportivo)	78.472,60 €
Depósito Sabadell-Gallego	300.000,00 €
Banco Pastor	515.075,95 €
BBVA	47.209,87 €
BBVA-Banco de Crédito Local	578.319,27 €
ABANCA	562.049,36 €
ABANCA	253.992,36 €
La Caixa	190.791,98 €
TOTAL CONCELLO	3.557.357,98 €

A cita de Cedeira coa música galego-portuguesa foi un éxito

Nos días 15, 16 e 17 de xuño celebrouse a segunda edición do Festival de Música Galego-Portuguesa, que "nos achega a cultura da nosa lingua irmá". A Concellería de Cultura e máis a de Ensino, Mocidade e Lingua programaron unha serie de actividades cunha clara compoñente reivindicativa, mostrando unha vez máis o "seu compromiso inquebrantable coa nosa fala" e tratando de pór en valor os lazos que nos unen co mundo da lusofonía.

Polo escenario do auditorio municipal pasaron artistas de altísimo nivel musical: Luiz Caracol, coa súa proposta de fusión; Couple Coffee, cos seus ritmos de jazz e samba; Uxía, sempre mesturando elementos das culturas atlánticas; e Celina da Piedade, coa súa elegante versión da música de raíz portuguesa.

Co obxectivo de diversificar a protosta cultural, ofrecéronse tamén dous obradoiros. O primeiro deles, impartido por Marta Coutinho, foi de danza africana e estivo dirixido pola Asociación Buxainas. No segundo, orquestrado por Celina da Piedade, practicaron o canto alentexano varias ducias de persoas que máis tarde acompañarían á cantante sobre a tarima para interpretar pezas do seu repertorio.

Paralelamente, organizáronse unhas Xornadas de Lingua nas que tres profesores convidados deron charlas sobre o galego, o portugués, as súas orixes comúns e a súa relación na actualidade. Os poñentes foron José Luiz Pérez (*O português no mundo da comunicação*), Maurício Castro (*As razons do reintegracionismo*) e Ramón Mariño (*Galego-portugués, galego e portugués*).

O conxunto de actividades do festival resultou un éxito. Máis de 350 persoas participaron nas diferentes propostas ao longo da fin de semana e manifestaron o seu desexo de que a experiencia poida reeditarse no ano próximo.

O Servizo de Normalización Lingüística está de volta

Tras algúns meses de parada, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Cedeira volve estar en funcionamento. A corporación local mostra así, unha vez máis, o seu compromiso inquebrantable co idioma galego ante a preocupante situación de progresiva perda de falantes que se vive no concello, igual que en boa parte de Galicia.

Así e todo, son moitos os lugares que están conseguindo reverter esta tendencia, en boa medida, grazas ao labor dos servizos de normalización municipais e dos equipos de dinamización dos centros educativos. Cada vez son máis as persoas que aprezan positivamente o galego, que é percibido como un plus, un valor engadido ás nosas relacións sociais e comerciais. Recentes estudos mostran, ademais, que o emprego da nosa lingua inspira confianza e simpatía.

Boa nota disto tomaron varios establecementos do municipio (Restaurante Brisas, Pizzería Lanús, Bico de Xeado, Peixería Costa Ártabra e Aneiros), aos que o Concello quere "dar un saúdo moi agarimoso por usaren a lingua propia de Cedeira, que é o galego". "Sodes un exemplo a seguir", aseguran. Alén dos labores de promoción do uso e o prestixio do idioma, desde o Concello lembran que unha das principais funcións do SNL é a de asesoramento. Co fin de mellorar a calidade lingüística no municipio, ofrece axuda para revisar todo tipo de documentos (anuncios, folletos publicitarios, rótulos, publicacións, etc.) e resolver dúbidas lingüísticas de toda índole. Tanto particulares como empresas e asociacións poden contactar co servizo a través do teléfono 673 370 219 ou o enderezo electrónico normalizacion@cedeira.es. "O galego suma. Súmate ao galego!" é un lema ben fermoso.

Obrigas que chegan coa Lei de Montes

O goberno de Cedeira lembra á veciñanza que desde a entrada en vigor da Lei de Montes existen unha serie de normas de obrigado cumprimento para previr posibles incendios e garantir o aproveitamento da masa forestal.

Consonte isto, débese manter limpa de biomasa vexetal unha franxa de 50 metros en solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable, así como en edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras, parques e instalacións industriais e nas construcións illadas en chan rústico. Nesta franxa tampouco poderá haber eucaliptos, piñeiros nin acacias.

A estas disposicións cabe engadir que as especies antes citadas terán que estar apartadas de estradas e vías de ferrocarril un mínimo de 10 metros e, se se trata de canles fluviais de máis de dous metros de ancho, a distancia a respectar debe ser de polo menos 15 metros.

A praia require dunha reconfiguración integral

O goberno de Cedeira e a Plataforma en Defensa da Ría coinciden nas súas expectativas con respecto á praia da Madalena. Estas pasan pola redacción e execución do proxecto construtivo orientado ao saneamento e reconfiguración integral do areal, unha actuación que está á espera da axuda económica do Estado.

O concelleiro de Medio Ambiente, Camilo Casal, segue a defender a participación da plataforma na redacción do citado documento, así como á non intervención da Demarcación de Costas no areal en tanto non estea definido o proxecto construtivo.

Casal entende que a reconfiguración da praia non pasa por botar area que logo duns meses volva desaparecer, senón pola adopción dunha serie de medidas para corrixir a situación. Son as liñas de actuación incluídas no citado plan e ás que, ademais, habería que engadir o cribado do material que se usou en pasados recheos, a rexeneración da superficie dunar coa erradicación de especies invasivas e a prevención de calquera nova alteración nas dunas, entre outras.

O goberno municipal de Cedeira non quere que a area siga a desaparer da praia tras os temporais do inverno, pero tampouco intervir sen antes non analizar a orixe do problema e estudar as medidas que se deben adoptar para darlle una solución definitiva.

Cedeira Informa, un servizo municipal

Cedeira Informa é un servizo municipal, vía WhatsApp, para manter ao día á cidadanía.

Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604 024 266 co nome "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira".

A continuación, ao teléfono da persoa solicitante chegará unha confirmación da alta no servizo e a partir dese momento comezará a recibir as novas que poidan ser do seu interese para estar ao día das noticias e informacións que se refiren a súa comunidade territorial.

Trazan pontes para acoller nenos de Chernóbil

O Concello de Cedeira vén de colaborar coa ONG Ledicia Cativa no acollemento de nenos da zona de Chernóbil por parte de familias da localidade.

A axuda institucional pasa por organizar charlas co fin de informar á veciñanza dos trámites e requisitos para que nenos e nenas procedentes da zona contaminada e con idades entre os 6 e 17 anos poidan pasar un verán afastados do ambiente contaminado no que están a vivir. O ano pasado foron sobre 65 as nenas e nenos que pasaron dous meses de verán con outras tantas familias de acollida en Galicia.

O obxectivo que o goberno de Cedeira espera acadar é que a veciñanza se produza unha toma de conciencia acerca dunha realidade que afecta a moitas persoas que aínda hoxe, cando levan pasados máis de trinta anos desde o estoupido do reactor nuclear, están a sofrer as súas consecuencias. Algúns dos efectos están a ser cánceres, leucemias e malformacións xenéticas, ademais dunha angustia psicolóxica case permanente entre a poboación.

Cedeira crea 24 postos de traballo con axudas públicas

A participación do Concello de Cedeira en distintos plans e programas públicos garante a creación de cara aos próximos meses dun total de 24 postos de traballo na vila, dos que sete chegarán da man do Fondo de Compensación Ambiental (FCA). Estas axudas deixarán este ano no municipio de Cedeira preto de 90.000 euros, unha cantidade que o executivo local prevé destinar á contratación dos traballadores -un técnico medioambiental e seis peóns- e á realización de intervencións de recuperación de espazos naturais e zonas verdes, así como a proxectos de mellora da eficiencia enerxética.

Dentro deste apartado de obras cabe sinalar a substitución das lámpadas da praza de Galicia por outras de tecnoloxía LED, así como a instalación de puntos de luz nos pasos de peóns situados nas avenidas Zumalacárregui e da Area e na rúa Cuartel, para facilitar que os condutores poidan percibir a presenza de viandantes sobre a estrada. As actuacións completaranse coa colocación de cubrecontedores,

unha iniciativa municipal orzamentada en máis de 8.000 euros. O Concello tamén planifica con cargo a outras axudas públicas a contratación de cinco persoas que terán a responsabilidade de manter limpa a praia e de dous socorristas que velarán pola seguridade dos bañistas.

Ademais, crearanse seis empregos máis da man do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e do Aprol Rural, este último vinculado á Xunta de Galicia.

A vila lembra as vítimas do franquismo

Cedeira segue a ser referencia no que á memoria histórica se refire. Este ano, como desde xa hai moitos, o goberno municipal mobilizouse para recordar os represaliados polo franquismo con actividades e homenaxes. Así, o programa arrincou coa representación da obra "Goldi Libre", a cargo da compañía Chévere, para despois continuar cunha conferencia de Enrique Barrera sobre o golpe de estado do 23 F. Pero, sen dúbida, o acto central volveu a ser a xuntanza que tivo lugar na praza da Revolta, na que xa existe un monólito de recordo e homenaxe ás vítimas e aos presos do campo de concentración que durante a guerra civil estivo situado a escasa distancia dela. Foi o momento das intervencións e das reivindicacións, así como da ofrenda floral coa que os alí presentes quixeron sumarse e participar no recoñecemento que deben ter as persoas que foron castigadas con violencia ou rexeitamento social polas súas ideas políticas.

Formación para nenos e nenas en Educación Viaria

A Semana da Seguridade Viaria, organizada polo Concello de Cedeira, xa forma parte da actividade escolar tanto do CEIP Nicolás del Río como do IES Punta Candieira.

Alumnos/as de ambos os dous centros participaron moi activamente nunhas xornadas, cuxo obxectivo é educar aos escolares en boas prácticas agora como peóns para que máis adiante tamén o poidan ser como condutores. Ás actividades levadas a cabo na primeira edición, tales como axudar a dirixir o tráfico ou facer un percorrido en cadeira de rodas para poñerse no lugar das persoas con discapacidade, houbo que sumar este ano máis novidades. Cabe destacar as charlas dirixidas ás Anpas e outras específicas para concicienciar á mocidade do IES sobre as graves consecuencias de conducir baixo os efectos do alcol ou drogas, unha experiencia que se veu reforzada co uso dunhas lentes especiais que simulan os efectos de estar sometidos a intoxicacións.

O goberno municipal valora os resultados dunha actividade da que haberá unha terceira edición, porque o compromiso do executivo local pasa

por colaborar na educación infantil naquelas materias que non forman parte da currículo escolar, pero que son moi necesarias para medrar como individuos que pertenecen a unha comunidade.

Coa Rapa das Bestas volve a festa á vila

O éxito de asistencia e participación acadado pola Asociación San Andrés de Teixido Eventos con motivo da Rapa das Bestas celebrada hai unhas semanas na serra da Capelada vaticina a recuperación dun encontro de gran tradición e de moita afección na zona do Ortegal. Nesta dirección tamén se pronunciou o goberno municipal, que se mostra especialmente comprometido coa entidade organizadora cara a futuras convocatorias. O alcalde, Pablo Moreda Gil, recoñeceu a intención do executivo cedeirense de seguir colaborando coa asociación para que non se perda unha festa que está na memoria de moitas xeracións e agradeu o traballo e a implicación da entidade e tamén de moitos voluntarios que contribuíron á recuperación dunha xuntanza que, ademais xoga un papel moi importante no que ao saneamento do gando se refiere.

O goberno creará unha bolsa de ordenanzas tras unha xubilación

En maio xubilouse o traballador municipal Benito Pérez Freire, que ocupaba a praza de ordenanza no CEIP Nicolás del Río. Ante a necesidade de ter que cubrir o seu posto de forma inminente, o goberno local -previo informe dos técnicos- optou por facelo de xeito provisional co único funcionario coa categoría de ordenanza existente na plantilla municipal. Pero en canto os técnicos elaboren a oferta de emprego público, convocarase un concurso oposición de acceso libre para cubrir a praza. O executivo quere, ademais, convocar este ano unha bolsa de ordenanzas e, por outra parte, agradécelle a Benito o traballo realizado e deséxalle o mellor nesta nova etapa da súa vida.

Cedeira recupera a Xunta Local de Seguridade

Os índices de delincuencia en Cedeira son estables e están por debaixo da media provincial. Estes datos saíron á luz a raíz da Xunta Local de Seguridade coa que o goberno municipal quixo recuperar a celebración dunha xuntanza que non tiña lugar desde o ano 2007. Trátase dun órgano de coordinación entre as forzas de seguridade presentes nun territorio para valorar os dispositivos conxuntos entre Policía Local, Garda Civil e Policía Autonómica.

A reunión tivo lugar pasado día 8 de xuño e estivo presidida polo subdelegado do Goberno na Coruña, Jorge Atán, e máis polo alcalde de Cedeira, Pablo Moreda Gil, e nela tomaron parte responsables da Comandancia Garda Civil da Coruña, do destacamento de Tráfico, da policía autonómica e da local, ademais dos concelleiros de Cultura, Educación e Medio Ambiente de Cedeira.

Na reunión foi analizado polo miúdo o estado da seguridade cidadá en Cedeira e púxose de manifesto a boa colaboración que existe entre Garda Civil e Policía Local.

En relación á venda de droga e consumo de substancias na vía pública, a Garda Civil comprometeuse a reforzar os operativos nesta materia e tamén a intensificar as accións educativas a través do Plan de Seguridade en Centros Escolares.

No que respecta á seguridade viaria, levaranse a cabo campañas de sensibilización por parte da Policía Local e a agrupación de Tráfico.

Na mesma reunión, o subdelegado do Gobierno recordou as modificacións normativas relativas á seguridade en espectáculos pirotécnicos e foron estudadas as medidas de seguridade aplicables en eventos festivos ou extraordinarios que necesitan un dispositivo especial e un reforzo de medidas pasivas de seguridade, como no caso das festas patronais outros acontecementos semellantes.

O alcalde, Pablo Moreda Gil, ao termo do encontro, valorou moi satisfactoriamente a celebración do mesmo e manifestou o seu desexo de normalizar a convocatoria da Xunta local de Seguridade para afianzar a reactivación deste tipo de reunións.

Moreda tamén destacou a "boa saúde" na que se atopa o municipio de Cedeira en materia de seguridade.

Cedeira renovou os vínculos afectivos coa Habana

Máis de 6.700 quilómetros é a distancia que existe entre a localidade de Cedeira e a illa de Cuba, unha viaxe que fixeron moitos veciños da vila para mellorar a súa situación económica. Unha ferida que, con todo, nunca existiu no plano sentimental.

Así puideron comprobalo as 28 persoas que este ano viaxaron á Habana para ter un contacto directo e real coa *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Cedeira en La Habana*, unha entidade promovida por aqueles que deixaron familia e patria, pero que nunca renegaron nin das súas orixes nin dos seus sentimentos. A chegada do diñeiro da emigración foi clave para o avance da sociedade rural galega de principios do século XX co financiamento de escolas e centros recreativos.

A parroquia de Piñeiro tampouco quedou atrás deste empurrón social. E así, no 1927 e grazas ás achegas dos veciños de ultramar, quedaba inaugurada a escola que ata o ano 1979 estivo a lucir na súa fachada a placa que daba testemuño das súas orixes, e que o Concello prevé agora repoñer para manter na memoria colectiva a contribución daqueles homes e aquelas mulleres que, sendo fillos e fillas de Cedeira, fixeron emprendementos na Habana.

A viaxe levouse a cabo entre os días 18 e 25 de febreiro e foi unha consecuencia máis do labor de investigación e recuperación que desde a AVV Piñeiro se realiza desde hai anos co fin de contextualizar a historia desta parroquia do municipio de Cedeira. Froito deste traballo anterior, que fomentou especialmente o vicepresidente da AVV Piñeiro, Antonio Rey Caruncho, a entidade entrou en contacto, primeiro con persoas vinculadas ao Centro Galego na Habana e, posteriormente, coas que agora están á fronte da sociedade creada no 1921 pola veciñanza cedeirense na capital cubana.

A VV Piñeiro busca contextualizar a historia da entidade

Moitas foron as actividades realizadas por este grupo de viaxeiros durante a súa estancia en terras caribeñas, desde unha ofrenda floral no panteón de Hijos de Cedeira -aínda agora, cando a entidade está a piques de cumprir cen anos, pódese visitar no cemiterio de Colón, rodeado doutros de fillos de San Claudio (Ortigueira), Mugardos e Pontedeume-, ata o acto de irmandade que tivo lugar no restaurante da Sociedade Rosalía de Castro e no que tomaron parte, ademais dos visitantes, o vicepresidente da Federación de Sociedades Gallegas en Cuba, Enrique Repiso, e a presidenta da *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Cedeira en La Habana*, Olivia Menéndez.

O intercambio de agasallos por parte de representantes de ambas as entidades -a AVV Piñeiro regaloulles un ordenador- e a entrega dunha placa como recoñecemento da gratitude do Concello de Cedeira, foron moi emotivos. O acto pechou co himno galego.

E como resultado deste tan longo desprazamento, segundo Antonio Rey Caruncho, naceu o contacto case diario con algúns deles, grazas ás novas tecnoloxías, a aparición dun renovado sentimento de morriña pola terra que non coñecen e o interese dalgúns por aprender un idioma co que se identifican. Aínda queda camiño por diante, non o da emigración senón o do cariño e aprendizaxe.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA

Concello de Cedeira

Enderezo:
Rúa Real, 15. Cedeira
Telf.: 981 480 000 - Fax: 981 482 506

Email e web:
correo@cedeira.es
www.cedeira.gal

Maquetación e contidos:
Pingota Comunicación
www.pingota.com